ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA ONCE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (33/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e quince minutos do día once de novembro de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnense os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás doce horas. Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

1.- Aprobación da acta da sesión do día 3 de novembro de 2026

2.- Aprobación da relación de facturas núm. 060XOK/2026

3.- Xustificación de subvencións nominativas

4.- Aprobación dos padróns fiscais do SAF do mes de outubro de 2026

5.- Aprobación do padrón fiscal do programa Mañanceiro do mes de outubro de 2026

6.- Solicitude devolución garantía execución contrato de obras

7.- Inicio expedientes contratos menores

8.- Concesión de tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida

O Sr. Alcalde en funcións declara iniciado o acto e procédese a continuación a tratar os asuntos integrantes da **orde do día**, de acordo co seguinte:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 3 de novembro de 2026 se considera aprobada por unanimidade sen ningunha obxección.

2.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 060XOK/2026

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: g6OPPx0X+o99KzRfWJVF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

seu informe de Intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto da orde do día:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 060XOK/2026 e o informe favorable da Intervención municipal que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que consta acreditado no expediente que están realizadas e en beneficio e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos gastos que contén a relación de facturas que se indica a continuación, aos que se lle presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	060XOK/2026
Importe total	48.350,14€
Número de facturas e gastos que contén	6
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2026/1941
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2026/2158

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

3.- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

3.1.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: g6OPPx0X+o99KzRfWJVF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o prorrogado 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
COMISIÓN DE FESTAS DE VAL XESTOSO	PGJ	Festas de San Pedro	400,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

3.2.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o de 2025 prorrogado, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: g6OPPx0X+o99KzRfWJVF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
MOTOCLUB REBORDELO	JJSC	Organización de carreiras e material	2.000,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

3.3.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o prorrogado 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
MOTOCLUB REBORDELO	JJSC	Competición Supercross e Motocross ALC	1.500 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: g6OPPx0X+o99KzRfWJVF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

4.- APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DO SAF DO MES DE OUTUBRO DE 2026

O Sr. Secretario-Interventor da conta dos padróns fiscais aos que se refire este punto da orde do día, elaborados pola Intervención sobre a base dos informes previos da Sra. Traballadora Social, e da proposta de acordo da Alcaldía que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación referida, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de examinar os padróns fiscais do prezo público polo servizo de axuda no fogar que se indican a continuación, que constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, elaborados polo Secretario-Interventor a partir dos correspondentes informes da Sra. Traballadora Social do Concello, que tamén constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e demais documentación relacionada con estes.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar os padróns fiscais de prezo público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de outubro de 2026, dependencia e libre concorrencia, elaborados pola Secretaría-Intervención do Concello, cos importes, usuarios, e demais datos que constan neles e que se reflicten na táboa que aparece a continuación:

INICIAIS 1º PERSOA USUARIA	INICIAIS ÚLTIMA PERSOA USUARIA	TOTAL PERSOAS USUARIAS	MODALIDADE SERVIZO	IMPORTE
ALFI	VGJA	36	DEPENDENCIA	3.045,18 €
BMJ	VDL	28	LIBRE CONCORRENCIA	804,21 €

2.- Expoñer ao público os devanditos padróns fiscais, mediante anuncios a publicar no B.O. da Provincia e no taboleiro de anuncios electrónicos municipal, por prazo de quince días hábiles, a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: g6OPPx0X+o99KzRfWJVF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinalos no Concello e presentar as reclamacións que consideren convenientes. Con dito anuncio notifícanse colectivamente a todas as persoas contribuíntes incluídas neles, as liquidacións que conteñen, conforme autoriza o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3.- O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, segundo o artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, contados desde o día seguinte ao desta data de aprobación do padrón fiscal pola Xunta de Goberno Local, e, transcorrido este, procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da nomeada Lei xeral tributaria e, se fora o caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Canto ao lugar de ingreso e modalidade de cobro, de acordo co previsto na Ordenanza fiscal municipal reguladora deste prezo público, será mediante domiciliación bancaria. Os recibos enviaranse para o seu cargo nas contas bancarias designadas polas persoas contribuíntes entre os días 10 e 12 de decembro de 2026.

4.- Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, os/as interesados/as poderán interpoñer preceptivamente recurso de reposición, perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns, que se entenderá desestimado se non se resolvera de maneira expresa no prazo dun mes, e, contra o seu rexeitamento, recurso contencioso administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución do recuso de reposición, se é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza a desestimación presunta se non o fose.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

5.- APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DO PROGRAMA MAÑANCEIRO DO MES DE OUTUBRO DE 2026

O Sr. Secretario-Interventor da conta do padrón fiscal ao que se refire este punto da orde do día, elaborado pola Intervención sobre a base dos informes previos da Sra. Traballadora Social, e da proposta de acordo da Alcaldía que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación referida, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: g6OPPx0X+o99KzRfWJVF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Logo de examinar o padrón fiscal do prezo público polo servizo do Programa Mañanceiro que se indica a continuación, que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, elaborado pola Secretaria-Intervención a partir do correspondente informe da Sra. Traballadora Social do Concello, que tamén consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e demais documentación relacionada con estes.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar o padrón fiscal do prezo público do Servizo de Mañanceiro do mes de outubro de 2026, elaborado pola Secretaría-Intervención baseándose no informe da Sra. Traballadora Social do Concello, co importe, usuarios, e demais datos que constan nel e que se reflicten na táboa que aparece a continuación:

INICIAIS DA/DO REPRESENTANTE DA 1.ª PERSOA PARTICIPANTE	INICIAIS DA/ DO REPRESENTANTE DA ÚLTIMA PERSOA PARTICIPANTE	TOTAL PERSOAS PARTICI-PANTES	MODALIDADE SERVIZO	IMPORTE
SGL	SGL	1	MES COMPLETO	30,00 €
DOMB	DOMB	1	DÍAS SOLTOS	12,00 €

2.- Expoñer ao público o devandito padrón fiscal, mediante anuncios a publicar no B.O. da Provincia e no taboleiro de anuncios electrónicos municipal, por prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinalos no Concello e presentar as reclamacións que consideren convenientes. Con dito anuncio notifícanse colectivamente a todas as persoas contribuíntes incluídas neles, as liquidacións que conteñen, conforme autoriza o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3.- O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, segundo o artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, contados desde o día seguinte ao desta data de aprobación do padrón fiscal pola Xunta de Goberno Local, e, transcorrido este, procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da nomeada Lei xeral tributaria e, se fora o caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Canto ao lugar de ingreso e modalidade de cobro, será mediante domiciliación bancaria. Os recibos enviaranse para o seu cargo nas contas bancarias designadas polas persoas contribuíntes na última semana de cada mes natural seguinte.

4.- Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, os/as interesados/as poderán interpoñer preceptivamente recurso de reposición, perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: g6OPPx0X+o99KzRfWJVF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns, que se entenderá desestimado se non se resolvera de maneira expresa no prazo dun mes, e, contra o seu rexeitamento, recurso contencioso administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución do recuso de reposición, se é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza a desestimación presunta se non o fose.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

6. SOLICITUDE DEVOLUCIÓN GARANTÍA EXECUCIÓN CONTRATO DE OBRAS

O Sr. Secretario-interventor dá conta da solicitude da empresa interesada, do informe do arquitecto contratado para o efecto e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto que se indica máis adiante e que se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a documentación do expediente 2026/X002/000003, instruído para a devolución da garantía definitiva solicitada pola representante da empresa, Construcciones Leonardo Miguélez, S.L., constituída mediante aval, para responder da execución do contrato da obra contida no proxecto nomeado, ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN AÑO XESTOSO, DE GRAÑA A PORTOMUROS E DE PORTOMUROS A MUROS.

Logo de ver o informe favorable, emitido por D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto contratado para o efecto, que conclúe:

"*Dado que non consta notificación por escrito á empresa encargada da prestación dos servizos no período de garantía, non existe ningún impedimento desde o punto de vista técnico que aconselle a non devolución da garantía que garantía o cumprimento do contrato indicado, posto que se cumpriu con suxeición ao proxecto técnico e/ou prescricións técnicas e administrativas que se sinalaron, ante o cal infórmase favorablemente a cancelación e devolución deste*."

Propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Cancelar a garantía definitiva, constituída mediante aval bancario de ABANCA Corporación Bancaria S.A., inscrito no Rexistro especial de avais co número 690487, por importe 3.883,10€, e ordenar a súa devolución.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: g6OPPx0X+o99KzRfWJVF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

2. Notificar o presente acordo á empresa solicitante.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

7.- INICIO EXPEDIENTES CONTRATOS MENORES

7.1.- O Sr. Secretario-interventor dá conta da documentación deste expediente de contrato menor e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e que, corrixida por orde del, se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Núm. Expediente:	2026/C002/000020
Tipo:	Obras
Obxecto:	Acondicionamento de lavadoiro e fonte en Vilaxoán-Vilachá (segundo proxecto que consta no expediente)
Código CPV:	*45259000. Reparación e mantemento de instalacións*
Orzamento base licitación:	19.999,99€
Prazo execución/entrega:	Fixado no proxecto: 5 meses
Necesidade a satisfacer: (art. 118.1 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar estas obras para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden satisfacerse	Art. 25.2.b) medio ambiente urbano... da Lei 7 /1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de réxime local, e conservación do seu patrimonio.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: g6OPPx0X+o99KzRfWJVF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

(competencia municipal):	
Financiamento:	Fondos propios municipais

Para atender a necesidade a satisfacer sinalada, é preciso contratar o obxecto reflectido, que é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido.

O obxecto do contrato non é susceptible da súa división en lotes porque non é posible a execución separada das obras e a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia pola multitude de trámites engadidos que tería o expediente.

O Concello non conta con medios materiais propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor, o que acredita axeitadamente a insuficiencia de medios para a realización do obxecto do contrato e a necesidade da contratación dunha empresa externa para a súa realización.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O obxecto do contrato trata de satisfacer unha necesidade puntual e non prevista e é único e non supón, por tanto, fraccionamento do obxecto do contrato (art. 118.3 da Lei 9/2017). O seu valor estimado é inferior aos 40.000 euros.

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente, é o máis axeitado pola súa simplicidade, axilidade, eficacia e economía de trámite e a reducida capacidade de xestión municipal, que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificados tamén economicamente á vista da natureza e contía do contrato.

Polo exposto, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Iniciar a contratación referenciada ao principio.

SEGUNDO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se explicou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación.

TERCERO.- Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos no artigo 118.3 da Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

CUARTO.- Que se emita informe polo Secretario-Interventor sobre os seguintes extremos:

1. Lexislación aplicable
2. Procedemento a seguir para o contrato menor
3. Órgano competente para contratar
4. Existencia de crédito orzamentario e a súa adecuación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: g6OPPx0X+o99KzRfWJVF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

QUINTO.- De existir crédito orzamentario suficiente e axeitado para o efecto, procédase a súa retención polos servizos de contabilidade e solicítese oferta as empresas que se sinalan, para que no prazo de 10 días naturais, a contar desde o seguinte ao que reciban a invitación, presenten a súa oferta por medios electrónicos e conforme ao modelo que se achega como anexo, facéndolles saber que non se admiten variantes e que o único criterio de adxudicación será o prezo máis baixo.

Empresas licitadoras: Materiales y Construcciones Amador, S.L., Manuel Ángel Maceiras Feal, David Blanco Ardao, Sergonsa Servicios, S.L., e Groma Obras, S.L.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

7.2.- O Sr. Secretario-interventor dá conta da documentación deste expediente de contrato menor e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e que, corrixida por orde del, se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Núm. Expediente:	2026/C002/000022
Órgano de contratación:	Xunta de goberno local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	ELABORACIÓN PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (segundo memoria técnica que consta no expediente)
Código CPV:	**71317100-4**: Servizos de consultoría en protección e control de incendios
Orzamento base licitación:	9.000,00 euros
Prazo execución/ entrega:	Segundo a memoria técnica: 2 meses
Necesidade e xustificación do contrato: *(art. 118.2 da Lei 9/2017)*	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor.
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Prevención e extinción de incendios. Art. 25.2.f) da lei 7/1985, Reguladora das Bases de réxime local

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: g6OPPx0X+o99KzRfWJVF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Para atender a necesidade a satisfacer sinalada, é preciso contratar o obxecto reflectido, que é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido.

O obxecto do contrato non é susceptible da súa división en lotes porque os servizos comprendidos nel non teñen substantividade propia nin constitúen unha unidade funcional por si mesmas de forma independente, e/ou son inseparables, de maneira que non é posible a súa execución / utilización / aproveitamento de maneira separada ou a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia pola multitude de trámites engadidos que tería o expediente.

O Concello non conta con medios propios persoais ou materiais adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor, o que acredita axeitadamente a insuficiencia de medios para a realización do obxecto do contrato e a necesidade da contratación dunha empresa externa para a súa realización.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O obxecto do contrato trata de satisfacer unha necesidade puntual e non prevista e é único e non supón, por tanto, fraccionamento do obxecto do contrato (art. 118.3 da Lei 9/2017). O seu valor estimado é inferior aos 15.000,00 euros.

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente, é o máis axeitado pola súa simplicidade, axilidade, eficacia e economía de trámite e a reducida capacidade de xestión municipal, que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificados tamén economicamente á vista da natureza e contía do contrato.

Polo exposto, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Iniciar a contratación referenciada ao principio.

SEGUNDO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se explicou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación.

TERCERO.- Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos no artigo 118.3 da Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

CUARTO.- Que se emita informe polo Secretario-Interventor sobre os seguintes extremos:

Lexislación aplicable

Procedemento a seguir para o contrato menor

Órgano competente para contratar

Existencia de crédito orzamentario e a súa adecuación

QUINTO.- De existir crédito orzamentario suficiente e axeitado para o efecto, procédase a súa retención polos servizos de contabilidade e solicítese oferta ás empresas que se relacionan deseguido, que considero capacitadas para a execución do obxecto do contrato, para que, no prazo de 3 días hábiles, a contar desde o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: g6OPPx0X+o99KzRfWJVF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

seguinte ao que reciban a invitación, presenten a súa oferta por medios electrónicos e conforme ao modelo que se achega como anexo, facéndolles saber que non se admiten variantes e que o único criterio de adxudicación será o prezo máis baixo.

* TYSGAL MEDIAMBIENTE SL
* ABIOGAL SL
* VEXIZA, SL

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

8.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a solicitude da persoa interesada, sobre a documentación que a acompaña, sobre o informe favorable da Traballadora Social do Concello e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude da tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado pola persoa interesada que responde ás iniciais P.B., O., con DNI núm. ***4266**, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 9 de novembro de 2026, núm. 202600000000661, o informe favorable da traballadora social do día 10 de novembro de 2026, o ditame técnico facultativo do EVO e a restante documentación esixida.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a concesión da Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais P.B., O., válida ata o 10/11/2036 e co núm. 15050-107-26.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: g6OPPx0X+o99KzRfWJVF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e corenta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións O Secretario

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: g6OPPx0X+o99KzRfWJVF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/